

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2023 pola que se publica a baremación provisional do tribunal cualificador do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso na categoría Grupo I Tesoureiro/a da Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada.

Por medio de Resolución do 5 de xullo de 2023 se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso na categoría Grupo I Tesoureiro/a da Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada, (Anuncio no DOG núm. 131, do 11 de xullo de 2023)

O punto 3 da base III da convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso na categoría Grupo I Tesoureiro/a e na categoría Grupo III Administrativo da entidade Instrumental do sector Público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, *Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada* (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2022), establece que, rematado o prazo de acreditación de méritos, o Tribunal baremará a fase de concurso e publicará a puntuación resultante no DOG.

Unha vez rematada a fase de baremación provisional polo referido tribunal, na súa sesión do 26 de xullo de 2023, adoptou os seguintes,

ACORDOS

Primeiro, Baremación Provisional

Aprobar a baremación provisional da persoa aspirante para o ingreso na categoría Grupo I Tesoureiro/a da Fundación Pública Exposicións e Congresos A Estrada, segundo se expón a continuación:

Baremación provisional

Nome	DNI	Base III.1.1.1.a).a)	Base III.1.1.1.a).b)	Base III.1.1.2).a)	Base III.1.1.2).b)	Total
Cuíña Ponte, Mercedes	***5525**	70		6,52		76,52

Segundo, Publicación

Proceder, de acordo co establecido na base III.3 da convocatoria, á publicación no DOG da baremación provisional da persoa aspirante á indicada praza.

Terceiro, Prazo de reclamacións

Consonte o disposto no parágrafo segundo do punto 3 da base III da convocatoria, contra a baremación provisional, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG da dita baremación.

A tales efectos, ao amparo do disposto na base IV.14 da convocatoria, as comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse ao Presidente do Comité Executivo da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
Laura Suárez Fernández
Presidenta do Tribunal cualificador

